

# Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño Inglés](#)





# Ruta do Camiño Inglés

112 kms desde Ferrol

73kms desde A Coruña

«Compostela faise entorno á campá. A campá vaina creando día a día, século a século, sin máis que dar as horas. A néboa é o caos de onde a campá vai sacando as cousas. Primeiro, o seu propio bronce sonoro, a torre de onde pende, o seu nome. Despois, as pedras labradas, as bóvedas, as cresterías, as fachadas e os patios. Por último, as ruelas e as prazas, e os santos nas súas hornacinas, e os que, desprovistos dela, son ornato de portadas, e eses outros que aparecen perdidos nun lenzo de parede, vidos Deus sabe de onde, con sinal dos séculos no rosoto mutilado ou gastado», escribe **Gonzalo Torrente Ballester** na súa obra *Compostela y su ángel*.

A cidade de **Santiago** está moi presente na súa obra, xa que aínda que orixinario de **Ferrol**, a súa época estudiantil universitaria e o seu período como docente na mesma institución transcorreu en Compostela, á que terá moi presente en títulos como *Santiago de Rosalía de Castro* e *Fragmentos del Apocalipsis*.

É precisamente **Ferrol**, xunto á Coruña, dous dos portos máis destacados desta provincia, a cidade na que se inicia o Camiño Inglés en Galicia. Porque aínda que é a única vía do Camiño de Santiago que comeza e finaliza en territorio galego, a súa orixe marítima propiciou desde época medieval a chegada de peregrinos desde o sur de Reino Unido, pero tamén de portos alemáns, daneses, holandeses ou belgas.

Tamén orixinaria de Ferrol é **Concepción Arenal**, unha muller adiantada ao seu tempo, reivindicativa co papel



Igrexa de Santiago en A Coruña



da muller na sociedade do século XIX e gran investigadora no ámbito penal, cuxas iniciativas aínda teñen repercusión internacional, ademais de escritora, foi autora de relevantes títulos como *Manual del visitador del preso*, *La educación de la mujer* ou *La mujer del porvenir*. No seu epitafio, no vigués cemiterio de Pereiró, pódese ler: «Á virtude, a unha vida, á ciencia».

Contemporánea a Arenal, aínda que máis nova, foi **Emilia Pardo Bazán**, unha das principais escritoras españolas, cuxo despacho se abriu á portada principal da Igrexa de Santiago, punto no que comeza o Camiño de Santiago na [Coruña](#). Hoxe en día, a súa casa musealizada na rúa Tabernas, inmobile no que tamén se sitúa a sede da Real Academia Galega, institución adicada ao estudo e

promoción da lingua galega, pódese visitar e contemplar desde as súas ventás o dito templo e rememorar o relato que a intelectual dedicou ás dúas figuras pétreas enfrontadas, colocadas na parte superior da porta, e que ela concebiu como un home e unha muller en conversación para toda a eternidade, aínda que en realidade se trate das representacións de Santiago e Xoán.

Defensora dos dereitos da muller, docente universitaria e ensaista, Pardo Bazán é autora dalgúns dos títulos máis destacados da literatura en español, como *La Tribuna*, *Memorias de un solterón*, *La quimera* ou *La madre naturaleza*. A súa consagración chegaríalle coa gran novela *Los pazos de Ulloa*, obra cume da corrente naturalista do XIX, na que recrea a vida rural da Ga-

Un altorrelevo de Santiago Matamoros preside o tímpano da portada oeste da igrexa de Santiago de A Coruña, punto de arranque do camiño de peregrinación a Compostela na cidade herculina. Esta iconografía de Santiago O Maior, subido a cabalo, empuñando unha espada e loitando contra as tropas musulmanas durante a Batalla de Clavijo no século IX, segundo relatan diversas crónicas medievais, é moi popular nos templos que se erixen nas diversas vías do Camiño e a súa presenza está relacionada coa reconquista das terras invadidas polos musulmáns que se produxo durante a Idade Media.



licia interior na que se mesturaban a vella fidalguía, coa burguesía, as clases máis desfavorecidas, o campesiñado e o caciquismo para lograr un retrato da sociedade da época.

Precisamente, na súa primeira novela, *Pascual López. Autobiografía de un estudante de medicina*, ambienta a trama en Santiago de Compostela, cidade universitaria por excelencia, e que ela concibía como un lugar que unía tradición e ciencia, onde se celebraban interesantes tertulias, chea de monumentos que describe na súa literatura.

Tras deixar atrás A Coruña, o Camiño Inglés avanza por lugares como **Culle-**

**redo** ou **Cecebre**. No primeiro naceron Sofía Casanova ou Antón Villar Ponte, entre outros intelectuais e escritores. Autora de obras como *El cancionero de la dicha*, *Más que amor. Cartas*, *Las catacumbas de la Rusia roja*, *Como la vida* ou *Galicia la inefable*, **Sofía Casanova** dedicou a súa vida ás letras, ben como poeta, novelista ou xornalista, converténdose na primeira correspondente no estranxeiro e de guerra. Viviu en diversos lugares de Europa, o que lle permitiría narrar os logros das sufraxistas británicas, os acontecementos da Primeira e Segunda Guerra Mundial ou a persecución dos xudeus polas tropas nazis para diversos xornais de tirada nacional e internacional.


### **Manuel Rivas e César Antonio Molina**

son outros dous destacados escritores coruñeses. O primeiro compaxina o seu labor de escritor co xornalismo, a súa primeira profesión, colaborando en medios nacionais e autonómicos. Algúns dos seus títulos máis destacados son *Un millón de vacas*, *Qué me quieres, amor?*, *Os libros arden mal*, *Todo é silencio*, *O lapis do carpinteiro* ou *As chamadas perdidas*, todos con tradución ao español. Pola súa parte, César Antonio Molina, ademais de escritor, tamén é xestor cultural, profesor e tradutor. Publicou obras en prosa e poesía como *Para no ir a parte alguna*, *Sobre la inutilidad de la poesía*, *El fin de Finisterre*, *El mar de Ánforas*, *Todo se arregla caminando* ou *Calmas de enero*, entre outros.



Pola súa parte, **Villar Ponte** é un dos máximos representantes do movemento galeguista que se desenvolveu no primeiro terzo do século XX. Os seus artigos pódense ler en diarios e revistas como *El Pueblo Gallego*, *Diario de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *A Nosa Terra*, *El Heraldo Gallego* ou *Céltiga*, entre outros. Creador das Irmandades da Fala, esta organización desenvolveu numerosas actividades culturais e políticas, apostando pola defensa e a reivindicación da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade.

Proseguindo a nosa ruta, chegaremos a **Cecebre**, en cuxa fraga sitúa **Wenceslao Fernández Flórez** a trama da súa novela *El bosque animado*. As personaxes desta habitan esa masa boscosa, onde as árbores interactúan entre elas, nun ambiente onírico, no que se suceden diversas peripecias a huma-



A fraga é un bosque virxe no que viven especies caducifolias típicas do bosque atlántico galego creando un ecosistema con elevada biodiversidade no que non intervén a presenza humana. Carballos, salgueiros, freixos, olmos, sabugueiros ou centenarias especies de feitos poboan estes espazos, moitas veces sombríos e húmidos, que teñen sido xerme de numerosas lendas e narracións que enriquecen a tradición oral, como a da Santa Compañía, a procesión de ánimas do Purgatorio encabezada por un vivo que vaga polas madrugadas galegas. Son varias as fragas que se poden atopar percorrendo as vías que compoñen o Camiño de Santiago, pero non cabe dúbida que a máis literaria é a Fraga de Cecebre, situada no concello coruñés de Cambre, unha protagonista máis da novela *El bosque animado*. Así a describe o seu autor, **Fernández Flórez**: «[...] é toda vida: unha legua, dúas leguas de vida entretrecida, cardada, sin buratos, como unha manta forte e nova, de tanto espesor como o que poidese medirse desde o fondo da guarida do raposo ata a punta do pin máis alto».

nos e criaturas, onde se recolle a lenda da Santa Compañía ou se narra a historia do peregrino namorado, encarnado pola toupa Furacroios, que busca, axudado por varios ratos, a súa esposa desaparecida mentres escavaba a galería.

Fernández Flórez empregou para as súas obras narrativas os dous idiomas oficiais de Galicia, entre cuxos títulos destacan *La procesión de los días*, *Volvoreta*, *Tragedias de la vida vulgar*, *Los que no fuimos a la guerra*, *Las siete columnas* (Premio Nacional de Literatura), *Fantasmas artificiales*, *El hombre que se quiso matar*, *El malvado Carabel* ou *El sistema Pelegrín*, as tres derradeiras, xunto con *El bosque animado*, adaptadas ao cinema.

O Camiño Inglés remata na portada norte da catedral compostelá, na [Acibecheería](#), que debe o seu nome ao gremio de acibecheiros que, xunto ao dos plateiros, tivo sempre unha importancia moi destacada na artesanía

compostelá. Era común que os peregrinos retornaran ás súas casas con figuras de Santiago, cunchas de vieiras ou rosarios tallados neste material. Ademais da relevancia da iconografía, cabe precisar que o acibeche se consideraba en si mesmo protector contra enfermidades ou contra o mal de ollo, cando adoptaba forma de figa, crenza estendida durante séculos por todo o continente.



Praza da Acibecheería

Dous museos galegos destacan polas súas coleccións de obxectos de acibeche relacionadas con Compostela e a temática xacobeá. Son o Museo Provincial de Pontevedra, cidade situada no Camiño Portugués, e o Museo das Peregrinacións, situado na compostelá Praza de Praterías, que toma o seu nome do gremio dos plateiros que continúan mantendo a súas tendas obradoiro no perímetro do claustro catedralicio.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021